

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	<b>2011</b>	<b>PE403A 2010/83-1</b>
<b>Entidade</b>	<b>COFRADÍA DE PALMEIRA</b>	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	<b>MOLUSCOS BIVALVOS</b>	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	AUTORIZACIÓN	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	EMBARCACIÓN	

<b>Especies</b>	Ameixa babosa ( <i>Venerupis pullastra</i> ), ameixa rubia ( <i>Venerupis rhomboideus</i> ), ameixa fina ( <i>Ruditapes decussatus</i> ), ameixa bicuda ( <i>Venerupis aurea</i> ), carneiro ( <i>Venus verrucosa</i> ), berberecho ( <i>Cerastoderma edule</i> ), reló ( <i>Dosinia exoleta</i> )
<b>Ambito do plan</b>	Pta. Aguiuncho, Illote de Grades e Pedras Pallares
<b>Subzonas de explotación</b>	

Participantes no plan de Explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	15	18
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		
		<b>(Ver consideracións)</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	0	-

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>						160						
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup> dende embarcación</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	Dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	

Topes de captura <sup>(6)</sup>			
Especies	A pé	Embarcación	Tripulante enrolado e a bordo/día
Ameixa babosa	-	-	10 kg
Ameixa fina	-	-	4 kg
Ameixa rubia	-	-	25 kg
Ameixa bicuda	-	-	10 kg
Berberecho	-	-	10 kg
Carneiro	-	-	10 kg
Reló		Determinarase na resolución de apertura	

<b>Artes a empregar</b>	Rastro de ameixa, gancha ou raño cunha separación de varillas de 18 mm.
-------------------------	---

<b>Puntos de control</b>	Peirao de Palmeira
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa de Ribeira

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos MariñosRúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25XACOBEO 2010  
Galicia

Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Epoas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>				X	X	X	X	X	X			
Zonas: Autorizacións Palmeira												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>				X	X	X	X	X	X			
Zonas: Autorizacións Palmeira												
Especies: Ameixa babosa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>				X	X	X	X	X	X			
Zonas: Autorizacións Palmeira												
Especies: Ameixa babosa, ameixa fina												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>				X	X	X	X	X	X			
Zonas: Autorizacións Palmeira												
Especies: Ameixa babosa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>				X	X	X	X	X	X			
Zonas: Autorizacións Palmeira												
Especies: Ameixa babosa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Autorizacións Palmeira												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Zona de produción:** Non se acepta a ampliación da zona de traballo proposta neste plan, de estender os límites da autorización ata Pta. da Corna, posto que os límites da autorización administrativa desta confraría, outorgada pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Cultivos Mariños con data 22 de xuño de 1987, son os comprendidos entre Pta. Aguiuncho, Illote de Grades e Pedras de Pallares.

**Especies:** Inclúe o carneiro e o berberecho como especies obxecto de extracción. Estes recursos non están contemplados como especies autorizadas nas zonas explotadas en réxime de autorización, sen embargo, a súa presenza nestes bancos e o tradicional da súa explotación aconsellan autorizar a súa extracción ó abeiro deste plan de explotación a flote de moluscos bivalvos en zonas de autorización.

**Participantes:** O plan presenta un listado cun total de 14 embarcacións, cando segundo os datos da Consellería o número total de embarcacións asociadas a esta confraría coa arte de marisqueo (Z3) é de 15. Débese incluír a embarcación ..... que ten o recurso de marisqueo (Z3) e figura asociada á confraría de pescadores de Palmeira.

**Ampliación:** No plan solicítase a ampliación de 12 embarcacións baseándose na diminución do número de embarcacións como consecuencia das baixas producidas (ventas, baixas para novas



construcións, paralización), aínda que na ficha resume limitan a solicitude de ampliación a 3 embarcacións. No plan de explotación presentado por esta entidade para o ano 2009, aprobouse un incremento de 5 embarcacións, que serían seleccionadas en función do baremo que aprobouse a Dirección Xeral de Recursos Mariños, en canto fose modificada a Orde do 26 de outubro de 2004 pola que se regula a alternancia de artes na Comunidade Autónoma de Galicia que na disposición adicional terceira establece que "... non se poderán incrementar ata que se dispoña o contrario, o raño, a gancha e o angazo, coas que tradicionalmente se vén exercendo o marisqueo desde embarcación". A Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de pesca de Galicia, establece no seu artigo 41º "o exercicio do marisqueo dende embarcación requirirá dispor da modalidade de marisqueo no permiso de explotación da embarcación...". A normativa de desenvolvemento desta Lei establecerá os requisitos para a obtención da habilitación para o exercicio do marisqueo dende embarcación.

A posible incorporación destas 5 embarcacións, o estado dos recursos e a evolución da produción nos últimos anos desaconsellan aprobar o incremento proposto no plan presentado.

**Días máximos de extracción:** O seguimento da actividade extractiva dos últimos anos e os resultados das mostraxes realizadas desaconsellan acceder ao incremento proposto do número de días máximos de extracción respecto do plan en vigor, polo que se mantén en 160 días ó ano.

**Cota máxima de captura:** As mesmas razóns que desaconsellan incrementar o número de días de extracción, desaconsellan acceder ao incremento proposto da cota máxima de captura de ameixa babosa e ameixa rubia, polo que quedan fixadas en 10 kg/tripulante/día e 25 kg/tripulante/día, respectivamente.

**Artes:** Autorízase o emprego do rastro, gancha ou raño cunha separación entre varillas de 18 mm, ao tratarse dunha medida máis restritiva que o establecido no Decreto 424/1993.

**Puntos de control:** Defínese a organización do punto de control, no que se rexistra o número de embarcacións e tripulantes, se controlan os cupos e tallas, e se expiden os documentos de orixe que deben acompañar cada lote ata o punto de venda. Os responsables do punto de control serán os vixiantes da confraría que contarán coa axuda da asistencia técnica.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: "*no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega*".

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Traballos e vixilancias:** A organización das accións previstas de traslados, sementeiras, limpeza, acondicionamentos e vixilancia... non está ben definida, limitándose a indicar que as quedas serán organizadas pola directiva da agrupación e que participarán tódolos mariscadores, aínda que non queda claro se a asistencia a estes traballos é obrigatoria e non designa ás persoas responsables do control de asistencia.

**Recomendacións para a mellora do plan:**



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010  
Galicia

Recoméndase unha maior concreción da organización dos traballos de semicultivo e vixilancias especificando, de ser o caso, a obrigatoriedade da participación e a forma na que se realizará o control de asistencias. Así mesmo, de ser obrigatoria a asistencia aos traballos de semicultivo e vixilancias recoméndase a elaboración do procedemento sancionador en caso de incumprimento.